UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Datos Identificativos** | | | | **2019/20** |
| **Asignatura (*)** | Planificación e xestión de destinos e produtos turísticos no espazo litoral e de cruceros | | **Código** | 615524014 |
| **Titulación** | | | | |
| Descriptores | | | | |
| **Ciclo** | **Período** | **Curso** | **Tipo** | **Créditos** |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Optativa | 3 |
| **Idioma** | Castelán | | | |
| **Modalidade docente** | Presencial | | | |
| **Prerrequisitos** | | | | |
| **Departamento** | Empresa | | | |
| **Coordinación** | Domínguez Feijóo, Gerardo | **Correo electrónico** | g.dominguez@udc.es | |
| **Profesorado** | Domínguez Feijóo, Gerardo<br>Rodríguez Carro, Carlos | **Correo electrónico** | g.dominguez@udc.es<br>carlos.rodriguez3@udc.es | |
| **Web** | https://moodle.udc.es/ | | | |
| **Descrición xeral** | A Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos constitúe un dos procesos "clave' no desenvolvemento sustentable de calquera actividade e/ou destinación turística.<br>Nesta materia o alumno ten a oportunidade de pór en práctica, os métodos e as ferramentas da Planificación, Xestión e Comercialización de destinos e produtos turísticos no espazo litoral e de cruceiros. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| **Código** | **Competencias / Resultados do título** |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| **Resultados de aprendizaxe** | **Competencias / Resultados do título** | | |
| Comprender o proceso de estructuración do produto turístico, a súa planificación e a súa xestión | AP1<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AI2<br>AM2<br>AM3 | BM1<br>BM2<br>BM3<br>BM5<br>BM6<br>BM8<br>BM9<br>BM10<br>BM11<br>BM12 | CM1<br>CM2<br>CM3<br>CM4<br>CM8<br>CM9 |
| Estudar as características, do turismo de litoral para comprender os mecanismos de planificación, xestión e comercialización dos produtos turísticos no espazo litoral. | AP1<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AI2<br>AM2<br>AM3 | BM1<br>BM2<br>BM3<br>BM5<br>BM6<br>BM8<br>BM9<br>BM10<br>BM11<br>BM12 | CM1<br>CM2<br>CM3<br>CM4<br>CM8<br>CM9 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Estudar as características do turismo de cruceiros e litoral para comprender os mecanismos de planificación, xestión e comercialización dos produtos turísticos de cruceiros. | AP1<br>AP5<br>AP6<br>AP7<br>AI2<br>AM2<br>AM3 | BM1<br>BM2<br>BM3<br>BM5<br>BM6<br>BM8<br>BM9<br>BM10<br>BM11<br>BM12 | CM1<br>CM2<br>CM3<br>CM4<br>CM8<br>CM9 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| 1. CONCEPTOS XERAIS | a) DESTINO TURÍSTICO E PRODUTO TURÍSTICO<br>b) PLANIFICACIÓN DESTINO TURÍSTICO<br>c) PLANIFICACIÓN PRODUTO TURÍSTICO |
| 2. TURISMO DE LITORAL | a) ASPECTOS PREVIOS, CONCEPTOS E DEFINICIÓNS<br>b) PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE DESTINOS E PRODUTOS NO ESPAZO LITORAL |
| 3. TURISMO DE CRUCEIROS | a) ASPECTOS PREVIOS, CONCEPTOS E DEFINICIÓNS<br>b) PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE DESTINOS E PRODUTOS DE CRUCEIROS |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A1 A11 A5 A12 A6 A7 B2 B3 B11 C1 | 18 | 15 | 33 |
| Solución de problemas | A5 A6 B2 B3 B5 B9 C2 C9 | 5 | 10 | 15 |
| Traballos tutelados | A11 A12 A6 A7 A9 B1 B2 B5 B6 B8 B10 B12 C3 C4 C8 | 0 | 25 | 25 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Exposición oral dos contidos que conforman o marco teórico da materia, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Concretamente na MODALIDADE PRESENCIAL consiste en clases teóricas para a presentación dos contidos da materia; así como, a discusión de temas de interese actual relacionados coa materia e/ou a realización de pequenos exercicios/probas de coñecemento teórico/prácticos ... Na MODALIDADE ON-LINE trátase de diverso material teórico/práctico sobre os contidos da materia a disposición dos alumnos para a súa lectura; así como, a discusión de temas de interese actual relacionados coa materia mediante foros/debates on-line e/ou a realización de pequenos exercicios/probas de coñecemento teórico/prácticos, .. |

| | |
|---|---|
| Solución de problemas | Técnica mediante a que ha de resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.<br>Concretamente, tanto na MODALIDADE PRESENCIAL como na MODALIDADE ON-LINE, consiste na realización dun problema/exercicio final de coñecementos sobre o contido da materia ao que haberá que dar resposta xustificada a unha serie de preguntas curtas. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.<br>Concretamente, tanto na MODALIDADE PRESENCIAL como na MODALIDADE ON-LINE, consiste na realización e/ou exposición presencial/virtual dun traballo proposto polo alumno/profesor de forma individual e/ou en grupo sobre algún dos contidos da materia.<br>Todos os alumnos deberán realizar a exposición pública dos seus traballos. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral<br>Solución de problemas<br>Traballos tutelados | Durante o curso académico realizarase unha atención personalizada e continuada a todos os alumnos matriculados nesta materia, tanto para resolver dúbidas das clases presenciais/online, como para tratar temas relacionados co problema/exercicio final ou o traballo tutelado.<br><br>Gerardo Domínguez Feijóo<br>Universidade da Coruña<br>Dpto. de Empresa<br>Área de Organización de Empresas<br>Teléfono: 981 167 000 ext. 3459<br>E-mail:g.dominguez@udc.es<br>Horario tutorías: previa cita con anterioridade por e-mail |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Sesión maxistral | A1 A11 A5 A12 A6 A7 B2 B3 B11 C1 | Durante o curso académico realizarase unha A asistencia e participación activa nas clases (20%) é obrigatoria e valórase tendo en conta a involucración do alumnado nas sesións presenciais (modalidade presencial) ou a participación activa e razoada nos foros/chats virtuais ou similares (modalidade online). | 20 |
| Solución de problemas | A5 A6 B2 B3 B5 B9 C2 C9 | O problema/exercicio final de contido (40%) é obrigatorio e individual e consiste na realización dunha proba de coñecementos sobre o contido da materia á que hai que dar resposta xustificada a unha serie de preguntas curtas. Este exercicio adoita estar dispoñible habitualmente a partir da última clase da materia e, posteriormente, entregarase no prazo máximo de 15 días (1ª oportunidade) ou como mínimo 15 días antes do peche de actas do mes de xullo (2ª oportunidade). | 40 |
| Traballos tutelados | A11 A12 A6 A7 A9 B1 B2 B5 B6 B8 B10 B12 C3 C4 C8 | A avaliación continua do traballo realizado ao longo do desenvolvemento da materia.<br>O desenvolvemento do traballo representa o 40% da nota final.<br>Na valoración do traballo teranse en conta os seguintes aspectos Orixinalidade, aplicación dos fundamentos, calidade da redacción e utilización de fontes bibliográficas.<br>Para superar a materia, é necesario alcanzar unha puntuación mínima do 50% no traballo tutelado. | 40 |

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Observacións avaliación |
|---|
| O traballo tutelado (40%) ten carácter voluntario e, para iso, o alumno ten que elixir antes da última clase se opta pola realización deste traballo que no caso final de non entregalo terá unha repercusión negativa na nota final de dous puntos (-2). Pódese realizar de forma individual (alumnos da modalidade online) ou en grupo de 2-3 persoas (alumnos da modalidade presencial ou tamén alumnos online) e versará sobre un estudo dun caso concreto, unha proposta sobre a creación e o desenvolvemento dun sistema de xestión dun destino e/ou novo produto turístico ou calquera outro tema relacionado coa materia que o alumno considere do seu interese. En calquera caso, ao optar por esta alternativa de avaliación o alumno ten que propor a temática do traballo a realizar e o profesor da materia comunicará a aceptación do mesmo, a súa modificación ou a necesidade dunha nova formulación. A entrega final realizarase durante a segunda quincena do mes de abril (1ªoportunidade) ou como mínimo 15 días antes do peche de actas do mes de xullo<br>(2ª oportunidade). Posteriormente, facilítase máis información sobre posibles temáticas e unha orientación da estrutura do  seu Contido.<br><br>É importante ter en conta que as alternativas de avaliación escollidas polo alumno para a primeira oportunidade manteranse tamén para a segunda oportunidade.<br><br>Durante a primeira quincena do mes de maio facilitaranse as cualificacións finais provisionais e unha posible data de revisión/discusión das mesmas na segunda quincena (1ª oportunidade); así como,<br>aproximadamente unha semana antes do peche de actas no mes de xullo (2ª oportunidade).<br><br>No entanto, e a pesar do sistema de avaliación proposto anteriormente, ao comezo do curso académico, na presentación da materia, pódese expor outro tipo de repartición porcentual entre as distintas metodoloxías. Por outra banda, poderanse obter cualificacións adicionais en función do exposto no seu momento polo profesor da materia.<br><br>O traballo ten que ser de elaboración persoal/grupal e, en todo caso, poderá conter un resumo de datos, non unha simple copia e pega de datos consultados. Será necesario indicar tamén no propio texto as fontes bibliográficas consultadas e ao final do documento recollelas todas elas no apartado de bibliografía.<br><br>O ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? comunicarán ó inicio do curso a súa situación os profesores da materia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b).<br><br>O alumnado nesta situación será evaluado na data aprobada na Xunta de Escola, mediante unha proba obxectiva sobre os contidos do paso 3 da Guía, e un traballo a consensuar cos profesores da materia. |

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Antón Clavé y González Reverte F(coord.) (2005). Planificación territorial del turismo. Antón Clavé y González Reverte F(coord.)<br>- Claudia Inés Martínez  (2012). PERSPECTIVAS DEL TURISMO DE CRUCEROS EN ARGENTINA EN EL MARCO DE LAS TENDENCIAS MUNDIALES . Turismo y Economía. Año III. Nro. IV. . Pag 44 71.<br>- Diego A. Barrado Timón (2004). EL CONCEPTO DE DESTINO TURÍSTICO UNA APROXIMACIÓN GEOGRÁFICO-TERRITORIAL. Estudios Turísticos, n.° 160 , pp. 45-68<br>- Subdirección de Productos y Destinos Sustentables SERNATUR (Servicio Nacional del Turismo) (2015). «Manual Paso a paso para el Diseño de Productos Turísticos integrados». Ministerio de Economía, Fomento del Turismo, Gobierno de Chile.<br>- Organización Mundial de Turismo (1998). Introducción al Turismo. www.e-unwto.org |
| Bibliografía complementaria | |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |

| |
|---|
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| |
| **Observacións** |
| Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**